




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Ría da Coruña. Concello: Oleiros. Parroquia: San Xán de Serantes.
Extensión: 0,60km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Estreita unidade de cantís de teito plano ou suave e parede con bastante inclinación, algo debido a un factor estrutural, o da disposición das capas de xisto. A potencia acantilada é maior en Punta de Mera que na do Monte Meán. Inclúe o EIX Xeomorfoloxía estrutural da Costa de Dexo.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade completamente no Dominio da "Serie de Ordes", con materiais metamórficos xistosos e cuarzositosos, de idade precámbrico-silúrica.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade acantilada de réxime ombrotérmico Cálido e Subhúmido no que a temperatura media anual supera os 15°C e a precipitación media acumulada durante o ano sitúase entre 1000mm e un máximo de 1200mm. Amplitude térmica anual entre 12,5°C e 13,5°C.

OS SOLOS

Toda a unidade desenvolve cambisols eútricos.


AS AUGAS

Tramo cantil carente de rede fluvial significativa que está formada por pequenas valgadas de escasa prolongación continental que desaugan maiormente na masa de Augas Costeiras da parte exterior da Ría de Ares e Betanzos (20097). A vertente acantilada que mira cara ao sur verte á masa de Augas Costeiras 20126.

O PATRIMONIO NATURAL

A unidade por completo está incluída no Monumento Natural Costa de Dexo. É unha costa acantilada dominando o hábitat 1230 de cantís atlánticos. Zona de abandono agrario, con certa presión urbanística na que só se pode destacar unha matogueira degradada que acolle potencialmente os hábitats 4030, breixeiras secas europeas ; e 4040, breixeiras secas atlánticas costeiras de Erica vagans.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A práctica totalidade do chan desta unidade non soporta actividades produtivas humanas, estando cuberto por vexetación costeira de matogueira até a liña litoral. Consérvase, na parte oriental, unha certa superficie de cultivos, pero sen a continuidade nin tamaño que se atopaba naquel tempo no que case toda a unidade se dedicaba a labores agrarios. Agora atópase fragmentada por actividades residenciais, que tamén se desenvolven na ladeira sur do Castelo, cara á enseada de Mera.

MORFOLOXÍA

Tradicionalmente esta unidade non acolleu ningún asentamento de poboación, manténdose preservada dos fenómenos residenciais ata que aumentou a presión urbanística exercida polo núcleo de Mera, na unidade limítrofe de mesmo nome. Como consecuencia, certos crecementsos de baixa densidade das Pedreiras e Xoez alternáanse agora coas parcelas agrícolas da parte oriental. Así mesmo, a urbanización O Xunqueiro, situada na ladeira meridional do Castelo, illada e orientada cara á enseada de Mera, con numerosas vivendas unifamiliares illadas e dous bloques lineais situados no extremo sur, inmediato á costa, supón unha brusca alteración morfolóxica pola súa posición e trama tipolóxica.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal vía de comunicación existente, ademais de pequenos camiños relacionados co bordo urbano de Mera no extremo oriental, é a estrada de acceso ao Faro de Mera, sobre a cal se apoian algunhas edificacións illadas e da que parten as rúas que articulan a urbanización de O Xunqueiro.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Aínda que é certo que no conxunto da Costa de Dexo o patrimonio arqueolóxico é moi abundante, nesta unidade non se rexistra a existencia ou traza de ningún castro. Catalóganse como elementos de patrimonio cultural, con todo, a Bateria Militar de Mera (construída aproximadamente no s. XVIII) e o conxunto que forman os dous Faros e a Casa do Fareiro de Mera (usada na actualidade como Centro de Interpretación do Monumento Natural Costa de Dexo). O sinal de Mera consta de dúas torres, das cales a máis pequena coñécese como torre de enfilación de Mera. Mide 11 m de altura e está situada a 56 m sobre o nivel do mar. A súa distancia á torre máis alta é de 300 metros e no medio está a antiga casa do fareiro, actualmente é o centro de recepción de visitantes ou Aula do Mar ao monumento natural Costa de Dexo.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

A unidade de Puntas de Mera e Meán é unha das catro nas que se divide o límite setentrional da gran península que forma o Concello de Oleiros (as unidades 125_Punta Torrella, 126_Costa de Dexo, 127_Enseada de Canaval e 128_Puntas de Mera e Meán), consideradas no seu conxunto á hora de analizar os seus valores paisaxísticos. Caracterízanse por formar unha sucesión de cantís costeiros con enseadas e estuarios e pequenos illotes, cunha liña de costa moi recortada e trala que se atopa unha superficie continental de pouco desenvolvemento. Trátase en xeral dun ámbito con moi poucas intervencións antrópicas cun grao moi alto de conservación da estrutura orixinal do territorio. A unidade de Puntas de Mera e Meán destaca pola particularidade da súa fronte litoral, que entre ambas xera unha enseada (do Fontela) e conta tamén cunha interesante illa rochosa fronte á Punta Meán. Do mesmo xeito que a unidade de Enseada de Canaval, trátase dunha unidade de transición, entre a zona costeira de Mera cunha forte urbanización e a Costa de Dexo, practicamente allea ás intervencións antrópicas.

DINÁMICA DA PAISAXE

As unidades de Punta Torrella, Costa de Dexo, Enseada de Canaval e Puntas de Mera e Meán (o que se pode clasificar como conxunto da Costa de Dexo) sufriron unha evolución paralela da súa paisaxe, xa que seguiron as mesmas dinámicas de ocupación e similares modificacións do sistema de organización do territorio. A presente unidade, xunto coa de Enseada de Canaval, presenta con todo certas particularidades na súa evolución con respecto ás demais, xa que a presenza próxima do núcleo de Mera supuxo a introdución de fenómenos residenciais máis intensos. Do mesmo xeito que nas demais, a actividade agrícola sufriu un importante retroceso que propiciou a recuperación de vexetación costeira de matogueira. Pero ao mesmo tempo permitiu que estes terreos fosen usados para desenvolvementos residenciais como a urbanización que se sitúa na ladeira do Castelo.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O conxunto paisaxístico que conforma a Costa de Dexo (as unidades de Punta Torrella, Costa de Dexo, Enseada de Canaval e Puntas de Mera e Meán) é unha contorna de especial valor ambiental e ecolóxico, recoñecido como tal mediante as clasificacións de Lugar de Interese Comunitario Monumento Natural Costa de Dexo. Ademais a unidade pertence ao Espazo de Interese Paisaxístico Punta de Bufadoiro, pois dada a súa singularidade física, caracteres xeomorfolóxicos e a súa incidencia no imaxinario social como escenario da paisaxe litoral do Golfo Ártabro convértese nun fito configurador da paisaxe de Galicia. Un 27% da área está ocupada por hábitats naturais de interese comunitario, entre os que destaca avifauna propia de cantís mariños que xa non se atopa, co nivel de integridade que aparece aquí, en ningún lugar do Golfo Ártabro. Nesta unidade destaca o valor natural de certos elementos singulares, como a Illa de Montemeán ou a Punta de Mera, ademais da importancia patrimonial que teñen os faros que se sitúan nela. Desde este punto xéranse interesantes conexións visuais co resto da unidade, que ademais abarcan tamén os ámbitos adxacentes de Enseada de Canaval e Costa de Dexo, e obtense unha visión global privilexiada da fronte litoral da cidade da Coruña, a través da Ría da Coruña. Desde a Punta de Bufadoiro, alén da península, abárcase o conxunto da enseada de Mera e boa parte da costa do Concello de Oleiros.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



